

A monarquía visigoda (organización política)

A partir da crise do Imperio romano no século III, os pobos bárbaros acentuaron a súa presión sobre as fronteiras do Imperio romano, conseguindo atravesar o *limes* e instalarse en territorio romano. Así, no ano 409, os suevos, vándalos e alanos penetraron nas provincias de Hispania repartíndose o territorio. No noroeste da Península ibérica asentáronse os **suevos**, que formarán o primeiro reino independente de Europa tras a desaparición do Imperio romano de occidente (476) e permanecerán independentes ata a súa conquista polos visigodos (585).

Os **visigodos**, que penetraran en Hispania en varias ocasións para manter a orde e someter aos bárbaros rebeldes actuando como representantes da autoridade romana, unha vez desaparecida a autoridade do emperador, quedaron como donos do sur das Galias e parte de Hispania. Tras ser derrotados polos francos (507), os visigodos entraron masivamente en Hispania, asentándose na zona central e instalando a súa capital en **Toledo**. Aínda así, gran parte de Hispania mantívose independente ou autónoma (reino dos suevos, cántabros, vascóns, dominios do imperio bizantino no sur) ata finais do século VI, no que as campañas militares dirixidas polos seus reis conseguiron dominar casa a totalidade da península ibérica.

Entre os visigodos e os hispanorromanos foise producindo unha **paulatina fusión** na que contribuíu poderosamente a autorización de contraer matrimonios mistos e a conversión dos visigodos (arrianos) ao catolicismo co rei Recaredo (589).

Organización política. A monarquía visigoda era electiva, é dicir, os nobres visigodos reunidos en asamblea (Aula Rexia) elixían e entregaban o poder por aclamación a cada novo rei. Tras a conversión ao catolicismo tamén participaban os bispos, que, como Isidoro de Sevilla, sostiñan que o poder emanaba de Deus, que o depositaba na persoa do rei, e que a súa actuación debía estar sometida ás leis e á disciplina da Igrexa. Aos nobres e bispos do reino o rei esixíalles fidelidade e axuda militar a cambio de beneficios e recompensas. Á súa vez, moitos homes libres encomendábanse ou vinculábanse cos nobres a cambio de protección (prefeudalismo visigótico).

Xunto coa Aula Rexia, os reis visigodos dispuñan doutra grande institución de goberno: os Concilio de Toledo, que, aínda que eran orixinalmente de carácter relixioso, co paso do tempo adquiriron gran peso político e asumiron importantes funcións lexislativas. O código de leis máis importante da monarquía visigoda foi o Liber Iudiciorum, promulgado por Recesvinto no 654.

Malia esta organización, ao longo de toda a súa existencia o reino dos visigodos caracterizouse pola inestabilidade política (guerras civís, conspiracións e rebelións nobiliarias, asasinatos dos reis) favorecida pola debilidade dos reis derivada de: a) O seu carácter electivo, o que favorecía a formación de faccións entre os nobres da Aula Rexia; e b) A carencia de medios suficientes para gobernar todo o reino e facer fronte ao excesivo poder dos nobres e dos bispos (que posuían tropas armadas e gran capacidade de influencia).

No século VII, a nobreza visigoda dividiuse en dous clans que se disputaron o trono: un quixo entronizar a un dos fillos do rei Witiza, pero a outra escolleu como rei a Rodrigo.

HISTORIA DE ESPAÑA
PREGUNTA TEÓRICA 4

Esta división interna favoreceu a **chegada dos musulmáns**, procedentes do norte de África, no ano 711, poñendo fin á monarquía visigoda.